

MANIFESTO POLA NOSA TERRA

Conclusións do II Encontro Galego de Participación
Infantil e Adolescente 2021



Ciudades
Amigas
de la Infancia

unicef 

para cada infancia

MANIFESTO POLA NOSA TERRA

Conclusións do II Encontro Galego de Participación Infantil e Adolescente 2021

Os nenos, nenas e adolescentes representantes dos consellos de participación dos municipios de Castrelo de Miño, Moaña, Moeche, Nigrán, Pontearreas, Redondela, O Porriño, Teo e Tomiño, reunímonos no Segundo Encontro Galego de Participación Infantil e Adolescente celebrado os días 22 e 23 de outubro de 2021 (en liña), co obxectivo de dar a nosa opinión en relación co coidado do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

Facemos público o presente manifesto que recolle as nosas opinións, propostas para o goberno e compromisos:



1. O QUE NOS PREOCUPA

Enerxía e consumo

- Que as persoas deixen as **lucos** e aparatos eléctricos prendidos constantemente (colexios, casas, edificios públicos, supermercados, etc...).
- Que a xente so se fixe en **Reciclar** e non en **Reutilizar** e **Reducir**.
- O consumo excesivo de **auga** de moitas industrias como o téxtil.
- Que as empresas sigan botando **fume** ao ceo contaminándoo, sen importarlle as consecuencias, o que vai pasar despois, e xa non haxa marcha atrás.
- O modelo de **cría e consumo de animais** (moita explotación, moi intensivo).

Mobilidade e transporte

- A falta de **beirarrúas** e falta de **alumeado público** en moitas zonas das nosas vilas rurais.

- A total falta ou escaseza de **transporte público**.
- Que a xente se desprace sempre en **coche persoal**.

Bosques e animais

- Que moitas especies acaben desaparecendo debido á **caza** pola súa carne ou pel, e tamén porque o seu hábitat acabe destruído polo cambio no clima ou catástrofes naturais.
- O **maltrato** animal e os animais abandonados.
- A **tala das árbores** e a plantación en Galicia de **especies invasoras** como o eucalipto.
- Que se sigan tirando máscaras e outros produtos da Covid-19 ao río e pola rúa ou montes.
- Que non haxa **respecto**, nin ao resto de seres vivos nin ás persoas máis vulnerables ou en desvantaxe social.

Sobre o Cambio climático

- Que moitas persoas aínda **non se toman en serio** este problema, ou pensan que as consecuencias virán dentro de moitos anos, así que non fan nada pola súa parte para solucionalo.
- Que como **non hai precedentes** non se sabe ben que hai que facer, ou se as medidas que se van a tomar van ser eficaces ou suficientes.
- Pensamos que, aínda que a nivel individual somos responsables e as nosas actuacións teñen un impacto posterior, o problema xéranlo, sobre todo, as **grandes empresas** e o sistema financeiro.
- Pensamos que se o ser humano creou isto, tamén ten que ser capaz de poñerlle solución.
- Non nos gusta que exista a conciencia de que o ser humano ten dereito a facer o que lle dea a gana, pasando por riba do resto de especies que viven neste planeta.



O Cambio climático está a suceder agora, e por iso debemos actuar xa, non pensando soamente no futuro. É o maior problema da nosa xeración, e se non lle pomos remedio non teremos un futuro no que vivir.



2. PETICIÓNS AO GOBERNO

Enerxía e empresas

- Pedir ás empresas que fabrican coches e outros medios de transporte que aposten polas **enerxías sostibles** para facelos funcionar.
- Fomentar o uso de **enerxías renovables**, pero asegurándose de que non produzan estragos no seu entorno, como está a pasar cos eólicos.
- Que a **enerxía producida aquí, quede aquí**. E que se abarate o prezo xa que Galicia é a comunidade autónoma que máis enerxía produce.
- Recomendar á sociedade o uso de **enerxías limpas** en lugar doutras (electricidade, gas,...).
- Non dar concesións públicas nin axudas a empresas que non cumpran uns mínimos de sustentabilidade.
- “Premiar” ás empresas que son **máis sostibles**, dándolles facilidades ou reducíndolles certos impostos.
- **Sancionar** ás empresas que sexan **máis contaminantes**.
- Esixir ás empresas existentes que son contaminantes uns estándares medioambientais.

Mobilidade e transporte

- Investir máis en mellorar a **rede de transporte público**, sobre todo no rural. Mais conexións cos municipios fronteirizos.
- Facilitar **transporte público e gratuíto** para estudantes de BAC e FP.
- Promover nos concellos a creación de **camiños escolares**.
- Mellorar as cidades para que se poida usar de forma segura a bici, patín, etc. fomentando o uso e construción de **carrís bici**.

Comercio e consumo

- Prohibir xa a produción das **bolsas de plástico**.
- Prohibir a **embalaxe** de produtos que non o precisan, facendo leis que obriguen ás empresas ou supermercados a non vender produtos envoltos en tantos plásticos.
- Baixar o prezo das bolsas que son de papel e materiais sostibles, para fomentar o seu uso.
- Para fomentar que a xente recicle, instalar **puntos de reciclaxe** onde entregar as botellas e latas de plástico e che dean diñeiro a cambio (por exemplo 5 cént. por cada lata/botella).
- Fomentar o **comercio local**, reducíndolles os impostos para que sexan máis competitivos.
- Buscar que produtos máis respectuosos co medio ambiente **baixen os prezos** e poñan mercalos tamén persoas con menos diñeiro.





- Que regulen e xeren leis para que os produtos non se poidan vender cunha data de caducidade e bonifiquen o poder arranxarse ou actualizarse.
- Inverter en concienciar á poboación sobre non comprar produtos envoltos en plástico, usar bolsas doutro material que non sexa plástico, mercar produtos de tempada e que veñan de lugares de preto evitando contaminar co transporte.

Bosques

- Erradicar xa a produción do **eucalipto**, xa que é unha especie foránea que empobrece os solos e axuda á propagación dos lumes. E ofrecer axudas ás persoas que traballan nisto. Poden ser económicas, de formación ou de reinserción laboral.
- Recuperar e manter as zonas de vexetación degradada da nosa comunidade debido a presenza de especies invasoras como o eucalipto.
- Promover que os nosos **montes sexan máis sostibles**, reforestándoos con especies autóctonas.

- Manter en **bo estado e coidar os parques, os bosques, os montes**, etc. e non permitir a tala de árbores descontrolada por ningún motivo. Organizar plantación de novas zonas con árbores ou tamén reforestacións de áreas queimadas.
- Manter e aumentar a **limpeza** dos montes para facilitar a prevención de incendios.
- Aumentar as **sancións por incendios forestais** provocados.
- Aumentar os espazos naturais nas zonas urbanas dos concellos.

Animais

- Intensificar a erradicación da **avespa velutina** e investigar máis para non usar insecticidas tan contaminantes.
- Controlar as actividades de **caza e pesca**, protexendo a animais e peixes sobre todo os que están en perigo de extinción para que non os maten para comer ou facer roupa coa súa pel.
- Eliminar a **caza furtiva**, protexendo máis á fauna salvaxe, como o lobo, o corzo, o xabarín e o raposo (non permitindo a caza deste último, xa que non é para comer).
- Promover unha **gandería extensiva**.
- Prohibir as **granxas de animais** onde se vulnere a súa calidade de vida.
- Levar un control e xestión das colonias de **gatos** da rúa.

Ámbito local

- Controlar de maneira máis eficaz e eficiente o **gasto enerxético** das instalacións municipais.
- Que pensen máis no **desenvolvemento das zonas rurais** e non so nos núcleos urbanos.

Ríos e mares

- Asegurar que todas as persoas poidan ter **auga limpa e potable**.
- **Limpar** os ríos, praias, lagoas, etc. Se é preciso con persoas que o fagan e multar a aqueles veciños e veciñas que boten lixo ou vertidos a ríos e mares.

Sensibilización

- Fomentar as **3 R**: **Reciclar**, **Reutilizar**, **Reducir**.
- **Informar** á poboación das consecuencias do cambio climático.
- Facer que as persoas adultas poidan ter sitios onde coñecer máis información sobre o cambio climático, a contaminación, etc. e aprender sobre hábitos para cada día que axudarían a deixar de contaminar o medio ambiente para poder dar exemplo tamén aos nenos e nenas máis pequenos/as.

- Organizar actividades relacionadas coas que se faga visible o problema da **contaminación**, da urxencia de evitar, na medida do posible, o cambio climático.
- Na escola, ter unha **materia** para explicar o cambio climático e as súas consecuencias, pero que non conte para a nota final. Queremos estar informadas e formadas pero que non supoña un esforzo aínda maior para nós.

Esiximos ao goberno que lle dea a importancia que ten coidar do medio ambiente e que así tamén o faga cando elabore leis, en Galicia e España, ou nas decisións que se tomen fóra relacionadas con países máis pobres ou con menos recursos.



3. NÓS COMPROMETÉMONOS A:

Mobilidade e transporte

- Utilizar o [transporte público](#).
- Fomentar que a xente nova se mova andando.
- Convencer ás nosas familias de [usar menos o coche](#) no día a día e reducir o uso de enerxías non renovables.

Comercio e consumo

- [Levar a cabo as 3 R](#): Reciclar, Reutilizar e Reducir e concienciar ao noso círculo próximo para que todo o mundo o faga.
- Reciclar e comprar de forma que poidamos [reducir o impacto](#) no medio ambiente: alimentos libres de envoltos de plástico todo o que poidamos; prolongar o uso ao máximo posible de roupa e outros obxectos.
- Usar [botellas reutilizables e bolsas biodegradables](#).
- Consumir [comercio local](#), fixándonos na procedencia dos alimentos que mercamos primando que sexan ecolóxicos, de proximidade e respectuosos cos animais.
- Gastar menos [luz](#) e apagar as luces non necesarias do noso día a día.
- Promover o uso dos [composteiros](#).

Coidar dos espazos naturais

- [Recoller lixo](#) e facer as nosas vilas, praias e contorna máis limpas e respectuosas co medio ambiente.
- [Non tirar residuos](#) aos espazos verdes, nin plástico fora dos colectores.
- [Respectar as plantas e as árbores](#) (non cortando árbores nin arrancando plantas por pracer), tratando de coidar os espazos verdes



e tamén plantar máis árbores autóctonas nos nosos bosques, porque producen osíxeno que é fundamental para a vida.

- Coidar dos nosos [animais domésticos](#), e denunciar o maltrato animal.
- [Non facer lume](#) nos montes e participar nas limpezas dos montes que organizan os concellos e asociacións.
- [Non malgastar a auga](#) cada día e coidar dos ríos, mares, e lagos da nosa contorna, non botando lixo neles e tratando de limpar aquel que neles se acumule.

Sensibilización e compromiso

- Asistir a [charlas](#) que nos informen sobre todo o relacionado co cambio climático.
- Axudar e apoiar a que se organicen nos colexios ou nos concellos actividades como concursos de fotografía que amosen a realidade da contaminación e a xente poida ser consciente do grave que é a situación actual.

- Apoiar aquelas ideas que teñan os/as políticos/as que mandan e que busquen protexer o medio ambiente, pensando tamén naquelas persoas con menos posibilidades e en países en desenvolvemento.

Os nenos, nenas e adolescentes debemos dar exemplo: Axudando a que as persoas adultas poidan concienciarse de que poden cambiar as súas costumes e aprender novas formas de facer as cousas para previr o quecemento global, o cambio climático e coidar da nosa terra, que só temos unha.

Estas son as conclusións do traballo realizado durante os días 22 e 23 de outubro de 2021 polos representantes dos Consellos Locais de Participación Infantil e Adolescente de Galicia.

Esperamos que escoitedes todas as nosas propostas e que non sexan esquecidas, porque coidar da nosa terra é tamén unha cuestión de dereitos de infancia e é imprescindible para o noso presente e futuro.



Equipo de coordinación:

UNICEF Comité Galicia
Área de Políticas Locais e Participación
Programa Cidades Amigas da Infancia
www.unicef.es
www.ciudadesamigas.org

Fotografías: UNICEF Comité Galicia

En colaboración con Atelier Social
www.ateliersocial.org

Diseño e maquetación: Ecovigo Publicidad
www.ecovigo.com

Coa colaboración da Xunta de Galicia

Calquera persoa é libre de copiar, distribuír e comunicar publicamente esta obra, sempre que se recoñezan os créditos de xeito específico polos editores e autores, e non se utilice con fins comerciais ou contrarios aos dereitos da infancia.

Promove:

Colabora:



Ciudades
Amigas
de la Infancia

